

XANECO TUBÍO SECRETARIO DA ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS

► É percusionista, artesán, integrante da agrupación Os Minhotos e secretario da Asociación de Gaiteiros de Galicia, que vén de recibir o galardón Chairega de Horna 2013. Xaneco Tubío é, a fin de contas, un férreo e apaixonado defensor da música tradicional do país.

«O noso obxectivo é defender e divulgar a música tradicional»

POR: MARTA MANCEBO

25 ANOS DE INTENSO labor de dignificación e promoción da música popular galega. Un cuarto de século de traballo a prol dunha ampla cultura que merece manter viva a súa chama. A Asociación de Gaiteiros Galegos, entregada dende hai anos á promoción da cultura do país, vén de recibir o 22 de xuño a distinción de Chairega de Honra 2013 —concedida polo colectivo Xermolos e a Fundación Manuel María— a unha intachable traxectoria que defende con orgullo o músico, artesán e secretario da asociación, Xaneco Tubío.

Que supón para a asociación recibir un recoñecemento así?

É unha honra. Resulta moi gratificante para unha asociación como a nosa recibir este recoñecemento

de dúas agrupacións tan senlleiras e activas. E máis tendo en conta que nós a única pretensión que temos é a de traballar pola cultura do noso país.

Con motivo desta distinción organizouse o pasado 22 de xuño unha táboa redonda. Quen asistiu ao evento?

O presidente da asociación, Santiago Caneiro; o construtor de gaitas e músico Olimpio Xiráldez; os gaiteiros Raúl Galego e Erea Estévez e eu. Cada un plasmou a súa particular visión sobre o papel que ten que cumprir unha asociación como a nosa, e a importancia de manter viva a tradición musical de Galicia.

Os galardóns e recoñecementos chegan xusto cando están a piques de cumprir os 25 anos da súa fundación. Como foron os inicios?

Eu son socio dende a súa fundación, no ano 1989, e un par de anos despois xa comecei a formar parte da directiva. Aínda que as orixes se remontan aos 70 na vila de Ortigueira —cando se levaron a cabo as primeiras xuntanzas entre os novos e os vellos gaiteiros—, o groso das actividades comezaron a principios dos 90. Foron tempos difíciles, nos que con esforzo sacamos adiante proxectos como a mostra de instrumentos de música tradicional de Pardiñas, festivais en distintos puntos de Galicia e algunha que outra publicación interna.

Algunha anécdota dos comezos?

Pois daquela por non existir non existía nin a Xunta de Galicia e houbo que selar os primeiros estatutos da asociación no Ministerio en Madrid. Despois recordamos a

miúdo o traballo constante para acadar un maior número de asociados nas catro provincias.

Cales foron os piares sobre os que se sustentou a asociación?


A nosa intención foi sempre a de defender, divulgar e dignificar o conxunto de todo o que ten que ver coa música tradicional. Para iso levamos a cabo iniciativas de todo tipo, dende concertos e festivais, ata unha recollida constante do patrimonio inmaterial, charlas, seminarios, e contamos cun portal web no que os visitantes poden atopar partituras, discografía e outros testemuños do extenso traballo da asociación.

Con cantos socios contan na actualidade?

No ano 2007 fíxose unha ampliación da directiva co obxectivo de acadar un salto cualitativo. Dos 300 socios que había entón pasamos na actualidade a preto de 800. Grazas a isto conseguimos ampliar o espectro de actuación e ata creamos a Tradescola, un proxecto pioneiro que conta con dúcias de alumnos e dez profesores do mellor que hai.

Outras das grandes iniciativas creada por vostede mesmo foi a Mostra de Pardiñas que, nesta próxima edición, cumprirá 20 anos. Teñen previsto realizar algún acto conmemorativo?

En principio temos previsto buscar outra localización, polo aumento no número de artesáns que se achegarán este ano ata Guitiriz. Tamén temos previsto aumentar o número de actuacións e é probable que veñan artesáns doutros puntos da península. E, ademais, tamén realizaremos unhas rifas, cun prezo simbólico, para que os fieis a Pardiñas poidan facerse cun agasallo moi especial, xa que



Xaneco Tubío.

Os comezos

Os estatutos tiveron que ser selados no Ministerio en Madrid, porque non existía daquela a Xunta de Galicia»



GUÍA DE
COMER BEN
NA CHAIRA



Casa Horacio
COMIDAS CASERAS

- Comidas Caseras
- Habitaciones

WiFi Telfs.: 982 33 36 85
982 33 36 51
Chao - 27242 Ribeira de Piñón

TRATO EN UN
FAMILIAR ENTORNO
NATURAL

Casa CAZOLEIRO
TURISMO RURAL

• Rutas a cabalo
• Rutas en quads

www.casacazoleiro.com
Tif. 982 330 331 | Meira (Lugo)

RESTAURANTE M M PARILLADA
M M MUMENTA

Especialidades:
Carnes a la brasa, pescados y mariscos

- Banquetes, bautizos, comuniones y reuniones sociales
- se preparan comidas para llevar
- Servicio a domicilio

Telf.: 982528104
Avda. Vilalba, 81 - Muimenta - Cospeito

Mezon A Ponte

- Menú do día
- Especialidade de Anquiás e Troitas
- Tablas Embutidos (Porco Celta)

Ponte de Outeiro | Castro de Rei | Lugo
TEL. 982 314 309

cervexería
LEMBRANZAS

- Especialidade en tixolas
- Tablas de embutidos
- Raxo
- Menú do día
- Amplia variedade en viños e tapas

Telf.: 982 523 517
Rúa da Feira, 40-42
27800 VILALBA (Lugo)

www.tinomoman.es

PENSIÓN RESTAURANTE
TINO

Bautizos
Comuniones
Comidas de Empresa
Carta todos los días
Menú del día de lunes a viernes
Comida para llevar

O Campo da Feira, s/n - MOMÁN - XERMADE (Lugo)
pension.restaurantes.tino@gmail.com
TEL. 982 17 92 33



De preto

«Todo o mundo debería probar a política e despois criticar»

A súa paixón pola música esténdese a súa familia?

Si, o noso negocio xa ten tintes de familiar, xa que dende o 2010 a miña irmá incorporouse ao obradoiro para botarme unha man.

Tamén exerceu de mestre de percusión.

Si, aínda que xa hai anos que non me dedico a iso. Estiven preto de doce anos e deixeiño porque non teño formación musical de conservatorio e entendín que hai xente moito máis preparada para facelo.

E estivo máis dunha década en política...

Estiven 16 anos encabezando a lista do BNG en Outeiro de Rei, e doce como concelleiro. Foi unha etapa que recordo con moito agrado por todas as cousas que conseguimos para o pobo.

Volvería atrás?

Non che podería dicir. Eu sigo afiliado ao partido e foi unha época enriquecedora. De feito creo que a maior parte da xente debería experimentar o contacto co Concello para despois poder criticar.

o meu propio obradoiro, no que chegamos a ter unha lista de espera de máis de dous anos e medio.

Víronse afectados pola crise?

A crise afecta de maneira transversal a calquera negocio, nós non estamos exentos pero tampouco sen traballo, o que si é verdade é que xa non temos as barbaridades de pedidos de hai uns anos.

Cal é a oferta do seu obradoiro?

Construímos un amplo abano de instrumentos de percusión. Dende tambores, bombos ata castañolas. Tamén facemos restauración e reproducións de instrumentos e construímos de xeito artesanal zanfonas.

Ademais do seu traballo como artesán, é integrante dos Minhotos.

Como xurdiu a gravación do seu primeiro disco?

Levo xa seis anos. Facemos música tradicional mesturada con harmonías clásicas. Este ano decidimos gravar un disco sen ánimo comercial, senón máis ben para deixar testemuña e plasmar dalgún xeito o noso traballo. 'Pinga d'auga' é o remate dun poema de Manuel María que pretende transmitir o noso compromiso, a nosa pequena achega ao canle fluvial da cultura.

Que acollida tivo?

Ata o de agora recibimos moi boas críticas e temos pechados algúns concertos como o do 4 de agosto en Pardiñas e o do 10 no festival de Pacios, en Begonte.

Algún outro proxecto en mente?

Gustaríame chegar a poñer en marcha unha das miñas ilusións. Cando comecei co obradoiro tiña en mente crear unha aula didáctica na que poder facer exposicións, charlas... E, por suposto, seguir investigando sobre a cultura do noso país.

Novidade

Os asistentes á mostra de instrumentos de Pardiñas poderán conseguir agasallos moi especiais»

este ano os artesáns participantes doarán un dos seus instrumentos, que irán a parar entre os asistentes.

Ademais da súa implicación en todo tipo de proxectos culturais, como apaixonado que é da música

fixo dela a súa forma de vida. Sempre estiven vencellado á música, dende os anos 80 nos que comecei a tocar a percusión en distintas asociacións culturais e grupos musicais de Outeiro de Rei. Unha cousa levou a outra, e

tempo despois dinme conta que podía facer da música a miña forma de vida. Eu xa traballaba co meu pai na carpintería e entroume a curiosidade por facer un tambor para min. Logo xa chegaron os dos coñecidos, amigos, ata crear

RIO LEA RESTAURANTE

- MENU DEL DIA
- COCINA A LA CARTA
- SALONES CLIMATIZADOS CON CAPACIDAD PARA 500 PERSONAS

Avda. Terra Cha, s/n
Castro Riberas de Lea
Castro de Rei (Lugo)
TEL. 982 31 06 57
TEL. | FAX 982 31 06 58

Taberna

Menú diario

ESPECIALIDAD:

- Raxo
- Pulpo

Telf. 982 510 061
Plaza Suso Gayoso, 9 - Vilalba

Casa Varela

RESTAURANTE TABERNA ESTANCO

Cocina tradicional
Productos da casa
Menú do día (laborais)
Tamén preparamos comida para levar
Pechado sábados todo o día (excepto febreiro)

Telfs: 982 39 03 46 - 609 38 41 74
Ctra. Pábad-Vilalba Km 4
DAMILO - BEGONTE - LUGO

Restaurante TOJO

- Menú del día
- Menú especial
- Servicio de catering
- Servicio de habitaciones (económicas)

ABIERTO DE LUNES A DOMINGO

Síguenos en **facebook**

Pol. Industrial Castro de Ribeira de Lea
982 31 10 07
restaurantetojo@hotmail.com

afob

A casa das Xaquinas mesón

- Menús caseiros
- Amplia variedade
- Raciones
- Vinos
- Embutidos

Avda. Terra Chá, 256 - Telf. 982 51 21 93
VILALBA (Lugo)

La Casilla

Enlaces
Bautizos
Comuniones
Almuerzos de trabajo
Reuniones familiares

Celebraciones

Rúa da Amizade, 19
Telf. 982 37 01 88
27300 GUITIRIZ (Lugo)

BRASERÍA CARBALLEIRA, C.B.

Especialidad en carnes a la brasa
CHULETON DE BUEY
CHULETON
ANGUILAS

Plaza de Galicia, 20
Telfs. 982 31 00 32 - 600 48 31 46
Castro de Ribeiros de Lea (Lugo)

HOSTAL - RESTAURANTE "ANLLO"

Guillermo

Paelas, Fideuá, Carnes Gallegas, Parrilladas y Tapas Variadas.

Rúa Valmaior, 20
27377 Muimenta (Lugo)
Tel.: 982 528 069

GUÍA DE COMER BEN NA CHAIRA